

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE E OUTROS

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓN DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Tesourería Municipal. Nº expediente: 16863-541.

2. Obxecto do contrato:

Os servizos de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 4 anos. Prórroga: dúas, dun ano de duración.

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

11.520.000 euros IVE a soportar pola administración: 2.419.200 euros.—Orzamento total: 13.939.200 euros



5. Garantías esixidas

a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista:

a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: o prazo rematará o día 18 de maio de 2017.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: sí.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.



9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información:

www.vigo.org

Vigo, 05 de abril de 2017.—O Concelleiro delegado de Contratación, P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015), David Regades Fernández.

